



CERTIFICADO ACREDITATIVO DA APROBACIÓN DE CONTAS ANUAIS

Dona Rosanna López Salgueiro, na súa calidade de secretaria do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo, inscrita no Rexistro de Fundacións de interese Galego (Sección da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) con número 2008/11,

CERTIFICA:

1º.- Que con data 23 de xuño, logo de convocatoria, se celebrou reunión do Padroado, coa asistencia dos membros que se relacionan:

1. Zeltia Lado Lago ⁽¹⁾.
2. Antía Guillén García.
3. M^a Carmen Orgeira Naya.
4. Jesús Sanjurjo Paz.
5. Gabriel Alén Castro.
6. Maica Bouza Seoane.
7. José Luis Fernández Celis.
8. Jesús Castiñeira Diz.
9. José Manuel Maceira Blanco.

⁽¹⁾Delegan o seu voto na presidenta:

Pablo Fernández López.
Marta Mariño Regueiro.

2º.- Que na data da reunión consta que foron aprobados, de conformidade cos requisitos establecidos nos estatutos da Fundación, por maioría os seguintes acordos:

- a) APROBAR AS CONTAS ANUAIS correspondentes ao exercicio 2024 pechado o 31 de decembro de 2024.
- b) QUE O RESULTADO CONTABLE e de 99.747,79 euros.

3º.- Que as contas anuais aprobadas, integradas polos documentos previstos no artigo 36 sa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, se xuntan en anexo a este certificado e foron asinadas pola presidenta da Fungatra.

4º.- Que a Fundación reúne os requisitos legalmente establecidos para formular as contas segundo modelo Pemes.

5º.- Que conforme o art. 37 da Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, e Lei de





auditoría de contas, presentase informe de auditoría correspondente o exercicio 2024.

E para que así conste expido a presente certificación en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A SECRETARIA

Vº Pr. A PRESIDENTA

Asdo.: Rosanna López Salgueiro

Asdo.: Zeltia Lado Lago

Asinado por: LADO LAGO, ZELTIA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 24/06/2025 13:12:26

Asinado por: LOPEZ SALGUEIRO, ROSANNA
Cargo: Directora Xerente
Data e hora: 23/06/2025 13:39:11

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código.
CVE: E7VA60zEip6 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo

**Informe de Auditoría de Contas Anuais de Pequenas e
Medianas Entidades Sen Fines Lucrativos emitido por
un auditor independente do exercicio 2024**

Informe de Auditoría de Contas Anuais de Pequenas e Medianas Entidades Sen Fines Lucrativos emitido por un auditor independente

Ao padroado da FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO por encargo da Directora Xerente.

Opinión con salvidades

Auditamos as contas anuais de Pequenas e Medianas Entidades Sen Fines Lucrativos (PEMESFL) adxuntas da **FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO** (a Entidade), que comprenden o balance ao 31 de decembro de 2024, a conta de perdas e ganancias, e a memoria (todos eles de PEMESFL) correspondente ao exercicio terminado na devandita data.

Na nosa opinión, excepto polos posibles efectos da cuestión descrita na sección Fundamentos da opinión con salvidades do noso informe as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación ao 31 de decembro de 2024, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación que se identifica na nota 2.1 da memoria e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión con salvedades

Tal e como se indica na nota 5 da memoria adxunta a Consellería de Facenda cedeu a fundación con data 22/12/2011 espazos no edificio sito na rúa Airas Nunes de Santiago de Compostela na planta semisoto, cunha superficie de cesión de 272,3 m². A fundación realizou obras de acondicionamento nese Centro de Novas Tecnoloxías por un importe de 195.414,13€ que mantén no seu inmovilizado, e cuxo importe de amortización acumulada ascende a 54.683,52 € (50.775,24 € no exercicio anterior) polo que o valor neto é de 140.730,61 € (144.638,89 € no exercicio anterior). No ano 2015 a fundación trasladouse e non utiliza os espazos, sen que puideramos verificar con documentación soporte, as condicións iniciais da cesión do activo, nin a situación actual do mesmo. En consecuencia, o inmovilizado material poderá atoparse sobrevalorado no mencionado importe, pero non é posible determinar con exactitude cal é o rexistro exacto da operación.

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe.



Somos independentes da Entidade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se vise comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión con salvidades.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

Ademais da cuestión descrita na sección Fundamento da opinión con salvidades determinamos que non existen riscos máis significativos considerados na auditoría que se deban comunicar no noso informe.

Responsabilidade do Padroado e da Comisión de Auditoría en relación coas contas anuais

O Padroado é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, o Padroado é responsables da valoración da capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a Fundación ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

A comisión de auditoría é responsable da supervisión do proceso de elaboración e presentación das contas anuais.



Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razonabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento.

Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión



modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Fundación deixe de ser unha empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

Na data da sinatura electrónica,

AUDITORES, CONSULTORES EXPERTOS INDEPENDIENTES, S.L.P.

Inscrita en el ROAC con el nº S1362

C/ Monte dos Postes, núm. 8, Bajo, Santiago de Compostela

MARTINEZ LOPEZ
MARIA ANGELES -
42842806Q

Firmado digitalmente por
MARTINEZ LOPEZ MARIA
ANGELES - 42842806Q
Fecha: 2025.06.25 14:41:51
+02'00'

María Ángeles Martínez López

Inscrita en el ROAC con el nº 18896



FUNDACIÓN PÚBLICA
GALEGA DA FORMACIÓN
PARA O TRABALLO



FUNDACIÓN PÚBLICA
GALEGA DA FORMACIÓN
PARA O TRABALLO

CONTAS ANUAIS 2024

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO

Asinado por: ZELTIA LADO LAGO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 30/06/2025 13:55:57

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código.
CVE: ZWRAKUZsXTJ5 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

No presente documento, dáse constancia e recóllense en formato memoria tódalas actividades e
contidos vinculados desenvolto na anualidade 2024 pola FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA
FORMACION PARA O TRABALLO



ÍNDICE

CAPÍTULO I	2
1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN	2
2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS	3
3. EXCEDENTE DO EXERCICIO	4
4. NORMAS REXISTRO E VALORACIÓN	5
5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS	11
6. ACTIVOS FINANCEIROS	12
7. PASIVOS FINANCEIROS	13
8. FONDOS PROPIOS	14
9. SITUACIÓN FISCAL	14
10. INGRESOS E GASTOS	16
11. SUBVENCIONS, DOAZONS E LEGADOS	17
12. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN	18
12.1. ACTIVIDADES REALIZADAS POLA FUNDACIÓN DURANTE O EXERCICIO 2022	18
12.2. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS	36
12.3. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN:	41
13. OPERACIONS CON PARTES VINCULADAS	42
14. OUTRA INFORMACIÓN	42
15. INVENTARIO	45
16. INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE E DEREITOS DE EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO	50
17. INFORMACIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. “DEBER DE INFORMACIÓN” DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO	51
CAPÍTULO II	52
1. CONTA DE RESULTADOS	52
CAPÍTULO III	54
1. BALANCE DE SITUACIÓN	54



CAPÍTULO I

1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO, fundación do sector público de Galicia, de carácter tripartito e paritario sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela, o día cinco de maio de 2008, ante o notario José Antonio Cortizo Nieto, e ten o seu domicilio social e fiscal no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n- Consellería de Economía, Emprego e Industria, Santiago de Compostela - A Coruña.

En data 5 de abril de 2011, en reunión ordinaria Nº1/2011 do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo aprobouse por unanimidade a modificación dos estatutos da Fundación para a súa adaptación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. Dito acordo elevouse a público en data 20 de decembro do 2011.

FINS DA FUNDACIÓN:

A Fundación ten por obxecto:

- *Promover, aplicar e implementar actuacións tendentes á configuración dun sistema integrado de formación profesional en Galicia.*
- *Promover a eficiencia e a eficacia das políticas de formación a través do análise e mellora continuada das mesmas.*
- *Impulsar e estender entre os empresarios e os traballadores unha formación que responda as súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.*
- *Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal.*
- *Proporcionar aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.*
- *Contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas, e a estabilidade e calidade do emprego. Calquera outro fin que conduza o cumprimento do obxecto fundacional.*

Na nota 12 da presente memoria detállanse as actividades realizadas pola Fundación durante o exercicio pechado o 31 de decembro de 2024.

A Fundación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Fundacións de Interese Galego, concretamente a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; polos seus propios estatutos e pola normativa existente que lle sexa de aplicación.

Para a aplicación do réxime fiscal previsto na Lei 49/2002 mencionada anteriormente, a entidade comunicou á Administración Tributaria a súa opción polo citado réxime a través da correspondente declaración censual.

Este réxime fiscal aplícase ao período impositivo que finalice con posterioridade á data de presentación da declaración censual en que se conteña a opción e os sucesivos, en tanto a entidade non renuncie ao devandito réxime.



2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1. Imaxe fiel:

O marco normativo de información financeira que resulta de aplicación á Fundación é o establecido en:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade regulado no R.D. 1514/2007 modificado polo R.D. 602/2016.
- As normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos regulado no R.D. 1491/2011.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias como é a Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.
- A Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto 1/2021, de 12 de xaneiro, pola que se modifican o Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro; o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas aprobado polo Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro; as Normas para a Formulación das Contas Anuais Consolidadas aprobadas polo Real Decreto 1159/2010, de 17 de setembro; e as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins de lucros aprobadas polo Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro.
- O resto da normativa contable española que resulte aplicable.

As contas anuais do exercicio adxuntas foron elaboradas a partir dos rexistros contables da mesma ao 31 de decembro de 2024 e nelas aplicouse o marco normativo, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación, e do grao de cumprimento das súas actividades.

Non existen razóns excepcionais, polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaron disposicións legais en materia contable.

As contas anuais axuntas someteranse á aprobación polo Padroado da Fundación, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

2. Principios contables:

Non foi necesario, nin se creu conveniente por parte da dirección da entidade, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o art. 38 do código de comercio e a parte primeira do plan xeral de contabilidade.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

A Entidade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento.

É posible que, a pesar de que estas estimacións de valor se realizaron en función da mellor información dispoñible á data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, prodúzanse acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de resultados futuras.



4. Comparación da información:

Para os efectos da obrigación establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio, e para os efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito de comparabilidade, para elaborar as contas anuais do exercicio utilizouse a estrutura do Balance e da Conta de Resultados expresadas en formato PEMES no Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos publicado o 26 de marzo de 2013.

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2024, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2024 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2023.

A Entidade está obrigada a realizar auditoría das contas anuais dos exercicios 2024 e 2023 pola Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, ao superar o importe de 600.000 euros en subvencións públicas. As contas do exercicio 2023 foron auditadas e tamén serán auditadas as do 2024.

5. Elementos recollidos en varias partidas

As contas anuais non teñen ningunha partida que fose obxecto de agrupación no balance ou na conta de resultados.

6. Cambios en criterios contables

Durante o presente exercicio non se produciron cambios significativos de criterios contables respecto dos criterios aplicados no exercicio anterior.

7. Corrección de erros

Nas contas anuais do exercicio 2024 non se contabilizou ningunha modificación contra reservas derivada de erros contables.

Nas contas anuais do exercicio 2023 fíxose axuste contra reservas por un erro contable no rexistro dun resto da financiación autonómica do exercicio 2022 que non foi imputado a resultados no exercicio precedente. Como resultado do mesmo, as reservas quedaron incrementadas nun importe de 1.337,19 euros.

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

1. O excedente do exercicio ven determinado polas seguintes partidas:

- Subvencións, doazóns e legados: supoñen o 95,8% dos ingresos da entidade e recollen as achegas da Xunta de Galicia para os fins sociais. En 2023 supuxeron o 97,1%.
- Ingresos financeiros: supoñen o 4,2% dos ingresos da entidade e recollen os rendementos aboados polas entidades bancarias polos depósitos realizados nelas. En 2023 supuxeron o 2,9%.
- Gasto de persoal: supón o 57,2% do total dos custos da entidade. Correspóndese coas cantidades pagadas aos traballadores e traballadoras en concepto dos seus contratos laborais coa entidade. No 2023 supuxeron o 65,4%.
- Aprovisionamentos e outros gastos da actividade: supoñen o 42% dos gastos da entidade e recollen as compras de bens e servizos correntes empregados na actividade de fins. No 2023 supuxeron o 33,6%.
- Amortización do inmovilizado: supoñen o 0,8% dos custos da entidade e recoñecen a depreciación dos bens de investimento. No 2023 supuxeron o 0,7%.



2. A proposta de aplicación do resultado por parte do padroado é a seguinte:

BASE DE REPARTO	2024	2023
Perdas e ganancias	94.572,38	97.762,32
Total reparto	94.572,38	97.762,32

DISTRIBUCIÓN	2024	2023
Reservas voluntarias	94.572,38	97.762,32
Total distribuído	94.572,38	97.762,32

4. NORMAS REXISTRO E VALORACIÓN

Aplicáronse os seguintes criterios contables:

1. Inmobilizado intanxible:

Os activos intanxibles rexístranse polo seu custo de adquisición e ou/produción e, posteriormente, valóranse ao seu custo menos, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e ou/perdas por deterioración que experimentasen. Estes activos amortízanse en función da súa vida útil.

A Entidade recoñece calquera perda que puidese producirse no valor rexistrado destes activos con orixe na súa deterioración, os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioración destes activos e, se procede, das recuperacións das perdas por deterioración rexistradas en exercicios anteriores son similares aos aplicados para os activos materiais.

Os activos intanxibles amortízanse de xeito lineal en función dos anos de vida útil estimada que se consideraron que son 3 anos por norma xeral.

Analizados todos os factores, non se recoñecen inmobilizados intanxibles con vida útil indefinida.

2. Inmobilizado material:

A partida de inmobilizado material inclúe exclusivamente bens de inmobilizado non xeradores de fluxos de efectivo debido a que unicamente se destinan a unha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran os devanditos activos e que benefician á colectividade, isto é, o seu beneficio social ou potencial do servizo.

Os bens comprendidos no Inmobilizado material valoráronse polo prezo de adquisición ou custo de produción, minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas e calquera perda por deterioración de valor coñecida. O prezo de adquisición ou custo de produción inclúe os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.

Non se produciron durante ou exercicio partidas que puidesen ser consideradas, a xuízo da Administración da Entidade, como ampliación, modernización ou mellora do inmobilizado material. Non se realizaron traballos da Entidade para o seu inmobilizado.



a) Amortizacións:

As amortizacións establecéronse de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos bens e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e goce, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que puidese afectalos.

Amortizouse de forma independente cada parte dun elemento do inmovilizado material e de forma lineal:

	ANOS DE VIDA ÚTIL ESTIMADA
Instalacións técnicas	6-7
Mobiliario e aparellos	10
Equipos para procesos de información	4
Outro inmovilizado material	10

b) Deterioración de valor dos activos materiais non xeradores de fluxos de efectivo

Prodúcese unha perda por deterioración do valor dun elemento do inmovilizado material non xerador de fluxos de efectivo cando o seu valor contable supera ao seu importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso. Para ese efecto, o valor en uso determínase por referencia ao custo de reposición.

Á data de peche de cada exercicio, a entidade avalía se existen indicios de que algún inmovilizado material ou, no seu caso, algunha unidade de explotación ou servizo poidan estar deteriorados, nese caso, estima os seus importes recuperables efectuando as correccións valorativas que procedan.

Os cálculos da deterioración dos elementos do inmovilizado material efectuaranse elemento a elemento de forma individualizada.

As correccións valorativas por deterioración dos elementos do inmovilizado material non xeradores de fluxos de efectivo, así como a súa reversión cando as circunstancias que as motivaron deixasen de existir, recoñécense como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de resultados. A reversión da deterioración ten como límite o valor contable do Inmovilizado que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrou a deterioración do valor.

c) Custos de renovación, ampliación ou mellora:

Durante o exercicio non se incorreron custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens de Inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo.

d) Inmovilizado cedido pola entidade sen contraprestación.

No presente exercicio non se cederon bens do Inmovilizado material.

e) Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar

No presente exercicio non se arrendaron bens.



f) Terreos e construcións consideradas investimentos inmobiliarios

No presente exercicio a entidade non dispón deste tipo de bens.

3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

No presente exercicio a entidade non dispón deste tipo de bens.

4. Permutas:

Durante o exercicio non se produciu ningunha permuta.

5. Activos e pasivos financeiros:

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

Considéranse, por tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais –clientes e debedores varios- e da actividade propia -usuarios e debedores varios-;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos.
- Instrumentos de patrimonio doutras entidades adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio e
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal e fianzas e depósitos constituídos.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais –provedores e ACREDORES varios- e da actividade propia – beneficiarios e beneficiarias ACREDORES -;
- Débedas con entidades de crédito, e
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito e fianzas e depósitos recibidos.

Inversións financeiras a longo e curto prazo:

Préstamos e partidas a cobrar: rexístranse ao seu custo amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os intereses devindicados non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar.

Efectivo e outros activos líquidos equivalentes:

Baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Pasivos financeiros:

Os préstamos, obrigacións e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou o reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na conta de resultados segundo o criterio do



devindicación utilizando o método do interese efectivo. O importe devindicado e non liquidado engádese ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Os ingresos e gastos contabilízanse na conta de resultados segundo o criterio de devindicación utilizando o método do interese efectivo.

Ao peche do exercicio a entidade realiza un test de deterioración para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioración se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro desta deterioración rexístrase na conta de resultados.

En particular, e respecto das correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas para cobrar, o criterio utilizado pola entidade para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houbese, ten en conta os vencementos das devanditas débedas e a situación patrimonial específica dos devanditos debedores.

A entidade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e transferíronse substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como en vendas en firme de activos.

A entidade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

6. Existencias:

Valóranse ó prezo de adquisición ou custe de produción. O prezo de adquisición é o importe facturado polo proveedor, deducidos os descontos e os intereses incorporados ó nominal dos débitos máis os gastos adicionais.

O método FIFO é o adoptado pola Fundación por consideralo o máis axeitado para a súa xestión.

Os impostos indirectos que gravan as existencias só se incorporan o prezo de adquisición ou custe de produción cando non son recuperables directamente da Facenda Publica.

Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ó seu prezo de adquisición ou ó seu custe de produción, efectúanse as oportunas correccións valorativas recoñecéndoo como un gasto na conta de perdas e ganancias.

Se deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección de valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecéndoo como un ingreso na conta de perdas e ganancias abreviada.

7. Transaccións en moeda estranxeira:

Non existen transaccións en moeda estranxeira.

8. Imposto sobre beneficios:

O gasto por imposto sobre beneficios representa a suma do gasto por imposto sobre beneficios do exercicio así como polo efecto das variacións dos activos e pasivos por impostos anticipados, diferidos e créditos fiscais.

O gasto por imposto sobre beneficios do exercicio calcúlase mediante a suma do imposto corrente (no resultado contable reduciuse o importe dos resultados procedentes das actividades exentas) que resulta da aplicación do tipo de gravame sobre a base imponible do exercicio, tras aplicar as deducións que fiscalmente son admisibles, máis a variación dos activos e pasivos por impostos anticipados / diferidos e créditos fiscais, tanto por bases impositivas negativas como por deducións.



Os activos e pasivos por impostos diferidos inclúen as diferenzas temporais que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadores ou recuperables polas diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impositivas negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporal ou crédito que corresponda o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para todas as diferenzas temporais impositivas. Pola súa banda, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais, bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Entidade teña no futuro suficientes ganancias fiscais contra as cales poder facelas efectivas.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos de acordo cos resultados das análises realizadas.

9. Ingresos e gastos:

Os gastos realizados pola entidade contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se incorren, á marxe da data en que se produza a corrente financeira. En particular, as axudas outorgadas pola entidade recoñécense no momento en que se aproba a súa concesión.

En ocasións, o recoñecemento destes gastos difírese en espera de que se completen algunhas circunstancias necesarias para a súa devindicación, que permitan a súa consideración definitiva na conta de resultados:

- a) Cando a corrente financeira prodúcese antes que a corrente real, a operación en cuestión dá lugar a un activo, que é recoñecido como un gasto cando se perfecciona o feito que determina dita corrente real.
- b) Cando a corrente real esténdese por períodos superiores ao exercicio económico, cada un dos períodos recoñece o gasto correspondente, calculado con criterios razoables, sen prexuízo do indicado para os gastos de carácter plurianual.

As axudas outorgadas en firme pola entidade e outros gastos comprometidos de carácter plurianual contabilízanse na conta de resultados do exercicio en que se aproba a súa concesión con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.

Os desembolsos relacionados coa organización de eventos futuros (exposicións, congresos, conferencias, etcétera) recoñécense na conta de resultados da entidade como un gasto na data na que se incorren, salvo que estivesen relacionados coa adquisición de bens do Inmobilizado, dereitos para organizar o citado evento ou calquera outro concepto que cumpra a definición de activo.

Na contabilización dos ingresos téñense en conta as seguintes regras:

- a) Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valóranse polo importe acordado.
- b) As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ao que correspondan.
- c) Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos prodúcese.
- d) En todo caso, deberán realizarse as periodificacións necesarias.

10. Provisións e continxencias:



As contas anuais da Entidade recollen todas as provisións significativas nas cales é maior a probabilidade que se haxa de atender a obrigación. As provisións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que xeren obrigacións futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con ocasión de cada peche contable. Utilízanse para afrontar as obrigacións específicas para as cales foron orixinalmente recoñecidas. Procédese á súa reversión total ou parcial, cando estas obrigacións deixan de existir ou diminúen.

11. Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou investimento obxecto da subvención, doazón ou legado.

Nas subvencións, doazóns ou legados concedidos polos asociados, fundadores ou patróns séguese leste mesmo criterio, salvo que se outorgasen a título de dotación fundacional ou fondo social, nese caso recoñécense directamente nos fondos propios da entidade. Tamén se recoñecen directamente nos fondos propios, as achegas efectuadas por un terceiro á dotación fundacional ou ao fondo social.

As subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexístranse como pasivos da entidade ata que adquiren a condición de non reintegrables. A estes efectos, considéranse non reintegrables cando existe un acordo individualizado de concesión da subvención, doazón ou legado a favor da entidade, cúmplonse as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido. As de carácter non monetario ou en especie valóranse polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poida determinarse de maneira fiable.

12. Negocios conxuntos:

Non existe ningunha actividade económica controlada conxuntamente con outra persoa física ou xurídica.

13. Transaccións entre partes vinculadas:

Non existen transaccións entre partes vinculadas.

14. Gastos de persoal:

A contabilización dos gastos de persoal axústase ao principio de devindicación, rexistrando o gasto na conta de perdas e ganancias de acordo coa corrente real do servizo prestado á empresa, valorándose polo custo.

A fundación non ten subscritos compromisos por pensións a favor dos seus traballadores e traballadoras.

Excepto no caso de causa xustificada, as entidades están obrigadas a indemnizar aos seus empregados e empregadas cando prescinden dos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal de emprego e dado que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar o despedimento.



5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

Análise do movemento comparativo do exercicio actual e anterior do inmovilizado material e intanxible e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioración de valor acumulado:

MOVEMENTOS DO INMOBILIZADO MATERIAL	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
SALDO INICIAL BRUTO	320.932,56	320.045,37
(+) Entradas	6.973,80	887,19
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	327.906,36	320.932,56

MOVEMENTOS AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO MATERIAL	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
SALDO INICIAL BRUTO	174.028,30	169.538,26
(+) Aumento por dotacións	4.906,29	4.490,04
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	178.934,59	174.028,30

MOVEMENTOS DO INMOBILIZADO INTANXIBLE	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
SALDO INICIAL BRUTO	102.062,00	102.062,00
(+) Entradas		
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	102.062,00	102.062,00

MOVEMENTOS AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO INTANXIBLE	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
SALDO INICIAL BRUTO	101.958,28	101.634,14
(+) Aumento por dotacións	103,72	324,14
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	102.062,00	101.958,28



A información sobre os inmobles cedidos á entidade e cedidos por esta e a seguinte:

A Consellería de Facenda cedeu a fundación con data 27/12/2011 espazos no edificio sito na rúa Airas Nunes de Santiago de Compostela na planta semisoto, cunha superficie de cesión de 272,3 m2. A fundación realizou obras de acondicionamento nese Centro de Novas Tecnoloxías por un importe de 195.414,13 € que mantén no seu inmovilizado, e cuxo importe de amortización acumulada ascende a 54.683,52 € (50.775,24 € no exercicio anterior) polo que o valor neto é de 140.730,61 € (144.638,89 € no exercicio anterior). Na actualidade non ocupa o espazo desas instalacións.

A Fundación ocupou espazos cedidos no edificio administrativo de San Lázaro 2º andar, cunha superficie de cesión de 123,20 m2 útiles ata o mes de xuño de 2024. O importe dos gastos compartidos repercutidos polo mantemento ascende a 16.016,28 € (23.953,32 € no exercicio anterior) e pola subministración a 2.358,43 € (2.949,02 € no exercicio anterior).

A partires do mes de xuño e ata o mes de decembro a Fundación ocupou espazos cedidos no edificio administrativo da Rúa Basquiños nº 2 e, a partires do mes de decembro, pasou a ocupar outros espazos cedidos no edificio administrativo da Praza de Europa 5A 2ªA en Fontiñas.

Con data 10/11/2015 a Fundación formalizou un contrato de cesión de material á Axencia Galega de Innovación por dous anos prorrogables. O importe do mobiliario cedido ascende a 11.559,77 € que figura no inmovilizado da Fundación totalmente amortizado.

6. **ACTIVOS FINANCEIROS**

1. A continuación móstrase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros sinaladas na norma de rexistro e valoración novena, sen incluírse os investimentos en patrimonio de entidade de grupo, multigrupo e asociadas. De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº2 do BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos das Administracións Públicas.

CRÉDITOS, DERIVADOS E OUTROS CP	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
Activos financeiros a custo amortizado	1.154.263,68	1.049.652,18
TOTAL	1.154.263,68	1.049.652,18

TOTAL ACTIVOS FINANCEIROS CP	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
Activos financeiros a custo amortizado	1.154.263,68	1.049.652,18
TOTAL	1.154.263,68	1.049.652,18

2. Correccións por deterioración do valor orixinadas polo risco de crédito:

Non existen correccións por deterioración do valor orixinadas polo risco de crédito.

3. Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A Entidade FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO non ten vinculación con entidades que poidan ser consideradas como empresas do grupo, multigrupo ou empresas asociadas.



7. PASIVOS FINANCIEROS

1. Información sobre os pasivos financeiros da entidade. De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº2 do BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos das Administracións Públicas.

Pasivos financeiros a curto prazo.

DERIVADOS E OUTROS CP	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
Pasivos financeiros a custe amortizado	10.913,12	5.038,24
TOTAL	10.913,12	5.038,24

TOTAL PASIVOS FINANCIEROS A CP	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
Pasivos financeiros a custe amortizado	10.913,12	5.038,24
TOTAL	10.913,12	5.038,24

Información sobre:

1. Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2024:

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	Máis de 5	
Acredores comerciais e outras contas a pagar	10.913,12 €	- €	- €	- €	- €	- €	10.913,12 €
Provedores	1.566,27						1.566,27
Outros acredores	9.346,85						9.346,85
TOTAL	10.913,12 €	- €	- €	- €	- €	- €	10.913,12 €

Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2023:

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	Máis de 5	
Acredores comerciais e outras contas a pagar	5.038,24 €	- €	- €	- €	- €	- €	5.038,24 €
Provedores	624,40						624,40
Outros acredores	4.413,84						4.413,84
TOTAL	5.038,24 €	- €	- €	- €	- €	- €	5.038,24 €

2. Non existen débedas con garantía real.
3. Préstamos pendentes de pago ao peche do exercicio: non existen préstamos, nin liñas de desconto nin pólizas de crédito ao peche do exercicio 2024 nin 2023.



8. FONDOS PROPIOS

A composición e o movemento das partidas que forman o epígrafe “Fondos Propios” é a seguinte:

	Dotación Fundacional	Reservas Voluntarias	Excedentes de exercicios anteriores	Excedente do exercicio	Total
SALDO A 31/12/2022	30.000,00	981.720,44	0,00	57.859,82	1.069.580,26
Aplicación resultado		57.859,82		(57.859,829)	
Correccións omisións		1.337,19			1.337,19
Resultado exercicio				97.762,32	97.762,32
SALDO A 31/12/2023	30.000,00	1.040.917,45	0,00	97.762,32	1.168.679,77
Aplicación resultado		97.762,32		(97.762,32)	
Correccións omisións					
Resultado exercicio				94.572,38	94.572,38
SALDO A 31/12/2024	30.000,00	1.138.679,77	0,00	94.572,38	1.263.252,15

2. Non existe ningunha circunstancia que limite a dispoñibilidade das reservas.

Dotaranse reservas polo importe do resultado de 2024 en cumprimento da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

9. SITUACIÓN FISCAL

1. Imposto sobre beneficios

a) Réxime fiscal aplicable a entidade:

De acordo co Título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, as fundacións gozarán de exención no Imposto sobre Sociedades, entre outras, polas seguintes rendas: Os donativos e doazóns recibidos para colaborar nos fins da entidade e as axudas económicas recibidas en virtude dos convenios de colaboración empresarial regulados no artigo 25 da devandita Lei; as subvencións, salvo as destinadas a financiar a realización de explotacións económicas non exentas; as procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da entidade, como son os dividendos, intereses, canons e alugueres; e as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas relacionadas no artigo 7 da devandita Lei. Así pois, na base impositible do Imposto sobre Sociedades só incluíranse as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas.

Esta entidade non desenvolveu durante o exercicio actual e os anteriores actividades non exentas.

Co acollemento ao réxime estipulado no título II da lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado todas as rendas da entidade están exentas no imposto sobre sociedades e, por tanto, a base impositible do exercicio é cero, e difire do resultado contable obtido.

No presente exercicio o importe rexistrado por gasto por imposto sobre beneficios corrente ascende a 0,00 euros. No exercicio anterior o importe rexistrado polo mesmo concepto foi de 0,00 euros.

b) A continuación inclúense os apartados da memoria nos que se dá a información esixida pola lexislación fiscal para gozar da cualificación de entidades sen fins lucrativos para os efectos da Lei 49/2002, do 23 de decembro, que non figura noutros apartados desta memoria económica.



1. Identificación das rendas exentas e non exentas do Imposto sobre Sociedades sinalando o correspondente número e letra dos artigos 6 e 7 da Lei 49/2002 que ampara a exención con indicación dos ingresos e gastos de cada unha delas. Indícanse os cálculos e criterios utilizados para determinar a distribución dos gastos entre as distintas rendas obtidas pola entidade.

	Ingresos	Gastos	Resultado - Rendas	Artigo Lei 49/02 (exención)
Subvencións	663.509,84	572.889,22	90.620,62	Art. 6 1º c)
Ingresos financeiros	28.934,18	24.982,42	3.951,76	Art. 6 2º
	692.444,02	597.871,64	94.572,38	

Como norma xeral, os gastos directos relativos a proxectos ou actividades asignáronse polo total do seu importe a cada proxecto ou actividade. Os gastos indirectos, entendidos aqueles como os que son necesarios para a obtención de varias rendas á vez, repartíronse entre as devanditas rendas conforme a criterios obxectivos de repartición como a ponderación dos ingresos.

2. Identificación dos ingresos, gastos e investimentos correspondentes a cada proxecto ou actividade realizado pola entidade para o cumprimento dos seus fins estatutarios ou do seu obxecto. Os gastos de cada proxecto clasifícanse por categorías, tales como gastos de persoal, gastos por servizos exteriores ou compras de aprovisionamentos:.

	Actividade xeral (Formación para o emprego)	Totais
Ingresos	692.444,02	692.444,02
Gastos	597.871,64	597.871,64
Axudas monetarias	0	0,00
Aprovisionamentos	5.972,06	5.972,06
Persoal	341.996,80	341.996,80
Amortizacións	5.010,01	5.010,01
Outros Gastos	244.892,77	244.892,77
Resultado	94.572,38	94.572,38
Investimentos	6.973,80	6.973,80

3. Actividades prioritarias de mecenado: a entidade non realiza ningunha.
4. Previsión estatutaria relativa ao destino do patrimonio da entidade en caso de disolución: os estatutos da entidade, desde a súa constitución, contan coa previsión estatutaria relativa ao destino do patrimonio da entidade en caso de disolución conforme se obriga na lei 49/2002.
 - c) Non existen diferenzas temporarias deducibles e impositibles rexistradas no balance ao peche do exercicio.
 - d) Non existe ningún crédito por bases impositibles recuperables fiscalmente.
 - e) Non se aplicou ningún incentivo fiscal no exercicio excepto os derivados da situación relativa á Lei 49/2002 indicada anteriormente.
 - f) Non hai ningún beneficio acoillido á dedución por investimento de beneficios. Segundo o estipulado no artigo 25 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, faise constar na memoria



que non existe reserva por investimento de beneficios.

- g) Non existen provisións derivadas do imposto sobre beneficios nin acontecementos posteriores ao peche que supoñan unha modificación da normativa fiscal que afecte os activos e pasivos fiscais rexistrados.
2. Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro últimos exercicios. As declaracións de impostos non se poden considerar definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais e, con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible a interpretacións. O órgano de goberno estima que calquera pasivo fiscal adicional que puidese poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo nas contas anuais tomadas no seu conxunto.
3. Saldos con administracións públicas:

SALDOS DEBEDORES CON ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	EXERCICIO 2024	EXERCICIO 2023
Facenda Pública, debedora por subvencións concedidas	8.008,14	0,68
TOTAL	8.008,14	0,68

SALDOS ACREDORES CON ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	EXERCICIO 2024	EXERCICIO 2023
Facenda Pública, acreedora por IRPF	14.732,51	14.859,64
Facenda Pública, acreedora por subvencións a reintegrar	1.974,59	1.974,59
Organismos da Seguridade Social, acredores	7.818,72	4.876,31
TOTAL	24.525,82	21.710,54

10. INGRESOS E GASTOS

1. Non existen movementos na partida da conta de resultados “Axudas monetarias”.
2. Non existen Axudas non monetarias.
3. A continuación detállase a desagregación da partida da conta de resultados de:
- “Aprovisionamentos”:

Aprovisionamentos	exercicio 2024	exercicio 2023
Consumo de mat. primas e outras mat. consumibles	5.972,06	5.999,10
a) Compras, netas devol. E dto. das cales:	5.972,06	5.999,10
- nacionais	5.972,06	5.999,10
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias		



- A partida de “Gastos de persoal” desagregase da seguinte forma:

Conta	exercicio 2024	exercicio 2023
Soldos e salarios	258.385,09	321.289,06
Cargas sociais	83.611,71	112.478,01
a) Seguridade Social a cargo da entidade	83.611,71	112.478,01
TOTAL	341.996,80	433.767,07

- A desagregación de “Outros gastos da actividade” corresponden a:

Conta	Exercicio 2024	Exercicio 2023
621 Arrendamentos e canons.	0,00	0,00
622 Reparacións e conservación.	53.193,07	35.269,82
623 Servizos profesionais independentes	6.326,38	4.269,38
624 Transportes	0	72,60
625 Primas de seguros	2.544,10	2.235,14
627 Publicidade, propaganda e relacións públicas	49.902,78	35.897,07
628 Subministracións	3.357,83	2.949,02
629 Outros servizos	129.567,93	135.858,14
631 Outros tributos	0,00	0,00
TOTAL	244.892,77	216.551,17

4. Non existen ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións.
5. Non existen vendas de bens nin prestación de servizos producidos por permuta de bens non monetarios.
6. A partida “Outros resultados” non rexistra movementos.

11. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS

1. No seguinte cadro ofrécese información comparativa da evolución das subvencións, concertos, doazóns e legados obtidas pola Fundación no exercicio 2024 e no exercicio 2023:

Categoría	Exercicio 2024	Exercicio 2023
Subvencións ás diferentes actividades	662.763,20	738.679,07
Administración Autonómica	662.763,20	738.679,07
Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria)	662.763,20	738.679,07
TOTAL	662.763,20	738.679,07



12. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

12.1. ACTIVIDADES REALIZADAS POLA FUNDACIÓN DURANTE O EXERCICIO 2024

Actividades propias (actividades realizadas pola FUNGATRA para o cumprimento dos seus fins fundacionais)

As funcións desenvolvidas pola FUNGATRA no ano 2024, para o cumprimento dos seus fins, pódense agrupar nas seguintes actividades principais.

- **ACTIVIDADE Nº 1: “APOIO TÉCNICO NA XESTIÓN DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS DO PLAN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDO PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS. (FORMACIÓN DE OFERTA) TR302A”.**
- **ACTIVIDADE Nº 2: “ASESORAMENTO E DIFUSIÓN DO SISTEMA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO”**
- **ACTIVIDADE Nº 3: “XESTIÓN DA FUNDACIÓN, SISTEMA DE CALIDADE, PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E PLAN DE IGUALDADE E PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE”**
- **ACTIVIDADE Nº 4: “XESTIÓN E COORDINACIÓN DOS PROXECTOS E VISIBILIDADE DA ACTIVIDADE DA FUNGATRA”**

As actividades referidas teñen o seu fundamento no encargo de traballo feito dende a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego á FUNGATRA, cuxo obxecto é o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das convocatorias para a concesión de axudas ás iniciativas de formación para o emprego, executadas en Galicia a través do ano 2024.

A continuación pásase a facer unha descrición da actividade desenvolvida no exercicio 2024 dando cumprimento o Plan de Actuación aprobado para dita anualidade.

ACTIVIDADES
1. Apoio técnico na xestión da convocatoria das axudas do Plan de formación para o emprego dirixido prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas. (formación de oferta) TR302A Apoio Técnico na execución das Accións Formativas do procedemento TR 302A 2023-2024.
2. Asesoramento e difusión do Sistema de Formación para o Emprego
3. Xestión da Fundación, Sistema de Calidade, Protocolos de Actuación, actualización dos Plans de Igualdade e de Medidas Antifraude e creación da Carta de Servizos á Cidadanía
4. Xestión e Coordinación de proxectos, participación en xornadas formativas, difusión e visibilidade da actividade da FUNGATRA

ACTIVIDADE Nº 1

Denominación: “APOIO TÉCNICO NA XESTIÓN DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS DO PLAN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDO PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS (FORMACIÓN DE OFERTA) - TR302A”.



Data de realización:

xaneiro - decembro 2024

Descrición da actividade: Xestión das solicitudes das convocatorias do procedemento TR302A

A) Identificación.

Denominación da actividade	Apoio técnico na xestión da convocatoria das axudas do Plan de formación para o emprego dirixido prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas. (formación de oferta) TR302A
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FUNGATRA). Santiago de Compostela

O apoio técnico na xestión das convocatorias de subvencións para o financiamento de Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas desagregase en 3 fases nas que se agrupan as tarefas propias da xestión técnica a desenvolver:

1. Fase 1/3 “Análise de solicitudes presentadas”
2. Fase 2/3 “Execución das Accións Formativas subvencionadas”.
3. Fase 3/3 “Xustificación de custos e liquidación”.

Débese ter en conta que as Convocatorias dos Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas son plurianuais e non son coincidentes cós anos naturais, polo que nun mesmo exercicio pódense levar a cabo diversas fases de distintas convocatorias ou en diferentes exercicios desenvólense diferentes fases da mesma convocatoria.

Descrición da actividade realizada en 2024:

A previsión para 2024 foi que a xestión afectará a varias ordes entre elas:

1. Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2024 - 2025.
2. Orde do 9 de febreiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (código de procedemento TR302A).

A actividade para 2024 para o equipo técnico de FUNGATRA centrouse na fase 3 de Xustificación de custos e liquidación, desenvolvendo as tarefas encargadas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, seguindo os criterios establecidos na Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, a través do Servizo de Xestión Administrativa da Formación para o Emprego.

O equipo técnico, baixo a coordinación da Directora Xerente, revisou toda a documentación xustificativa presentada polas entidades beneficiarias para comprobar a súa adecuación á normativa de aplicación coa finalidade de poder determinar os custos subvencionables relativos á liquidación económica da subvención concedida.



Para estes efectos, os expedientes revisados refírense aos 16 programas de formación seguindo a orde de presentación das solicitudes de liquidación, sen prexuízo de que, en atención a indicacións da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego.

Ao longo do ano 2024, o equipo técnico procedeu a revisar a toda a documentación presentada polas entidades para comprobar a súa adecuación á normativa de aplicación e poder determinar os custos subvencionables, realizando as seguintes tarefas:

1. **Atención de consultas técnicas formuladas polas entidades, sendo en moitos casos trasladadas ao Servizo de Xestión Administrativa da formación para o Emprego e posteriormente informando ás entidades co fin dun tratamento homoxéneo e uniforme.**
2. **Revisar toda a documentación da fase de execución e liquidación que a entidade debe incorporar a SIFO, de acordo co disposto na Orde.**
3. **Comprobación dos resultados das persoas participantes.**
4. **Elaboración dun Informe técnico no que figuren todas as verificacións realizadas.**
5. **Calquera outra tarefa encomendada pola Xefatura de Servizo.**

Orde do 3 de xaneiro de 2023 pola que se establecen, para o período 2023-2025, as bases reguladoras polas que se rexerán as accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024 (código de procedemento TR302A), publicada no DOG 27 do mércores 9 de febreiro de 2023 e posterior Acordo de Consello da Xunta de 30 de novembro de 2023, de ampliación da Orde do 3 de xaneiro de 2023.

Desde o 1 de xaneiro de 2024 ata a data límite para a execución dos programas de formación, o 30 de setembro de 2024, o equipo técnico de Fundación deu apoio a todas as entidades nesta fase, realizando as seguintes tarefas:

1. **Atención de consultas técnicas formuladas polas entidades, sendo en moitos casos trasladadas ao Servizo de Planificación de Formación para o Emprego e posteriormente informando ás entidades co fin de dar un tratamento homoxéneo e uniforme.**
2. **Validar no aplicativo SIFO das persoas docentes para a impartición das accións formativas, verificando que a acreditaban os requisitos establecidos na Orde e nos programas formativos.**
3. **Validar no aplicativo SIFO o inicio das accións/grupos formativos, previa comprobación da documentación requirida para poder iniciar a formación.**
4. **Tramitar as solicitudes de cambios de datas, horarios, lugares de impartición, etc., tras comprobar que compren a normativa.**
5. **Ampliación de prazos na aplicación de control biométrico, COBIPE, previa solicitude da entidade e comprobación de idoneidade.**
6. **Revisión de solicitudes de exención do módulo de Igualdade.**
7. **Tramitación de solicitudes de diplomas.**

Así mesmo, leváronse a cabo tarefas imprescindibles para a execución, que requirían un informe técnico realizado en base a revisión da normativa e que posteriormente se remitía á Servizo de Xestión Administrativa da Formación para o Emprego, para a súa resolución, como por exemplo:

- Solicitudes de cambios de anualidades.
- Solicitudes de anticipos.
- Solicitudes de renuncias parciais á execución de accións formativas ou a todo o programa formativo.
- Calquera solicitude das entidades que precise autorización da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
- Calquera outra tarefa solicitada polas xefaturas de servizo.



Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2024 – 2025 (código de procedemento TR302A) ten prevista a súa publicación no último cuadrimestre de 2024.

No exercicio 2024 non foi publicada a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) para os exercicios 2024 – 2025 (código de procedemento TR302A).

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Execución 2024 da Actividade 1

En relación a “Análise de solicitudes de subvención da Convocatoria TR302A 2024-2025”, dado que a Orde non foi publicada, non se realizou ningunha actividade de análise de solicitudes.

Polo que respecta á Actividade da Fase 2 “Seguimento da execución dos programa formativos subvencionados ao abeiro da Convocatoria TR302A 2023-2024”, ao longo do exercicio 2024, levouse a cabo o apoio na execución dos 62 programas formativos subvencionados, de acordo co previsto no Plan de Actuación.

Por último, en relación a Actividade da Fase 3 “Revisión da Execución e Liquidación dos Programas de Formación executados ao abeiro da Convocatoria TR302A 2021-2022”, houbo un desvío respecto ao Plan de Actuación, debido ao cambio de criterio da Dirección Xeral respecto ao orde de revisión abordáronse un total de 18 expedientes, 7 máis dos establecidos pola Dirección Xeral e 2 máis dos previstos no Plan de Actuación.

Polo tanto, a porcentaxe de execución da Actividade 1 foi do 66,67% (supoñendo un 35% da actividade total da FUNGATRA), tendo en conta que as tarefas correspondentes á Fase 1 “Análise de solicitudes de subvencións para o exercicio 2024-2025 (TR302A)”, non se executaron por motivos alleos á Fundación.

Localización física: Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Edificio administrativo da Rúa Basquiños nº 2. Edificio administrativo da Praza de Europa 5A 2ªA en Fontiñas. 15781 Santiago de Compostela.

Recursos económicos empregados: Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

Recursos Humanos:

- Persoal asalariado, coordinado pola directora xerente:

A totalidade do traballo de xestión de cada un dos programas subvencionados das convocatorias do TR302-A 2021/2022 e TR302-A 2023/2024 foi desenvolvido exclusivamente pola totalidade das **4 persoas do equipo técnico da Fundación.**

- Persoal voluntario: ningún.

Número previsto de beneficiarios/as ou usuarios e usuarias da actividade:

- Persoas ou entidades Beneficiarias Directas:

A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Os membros do Padroado da Fundación.

As entidades solicitantes e as beneficiarias.

As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.

As persoas traballadoras (empregadas ou en situación de desemprego).



- Persoas ou entidades Beneficiarias Indirectas:

As empresas do tecido laboral de Galicia.

- **Obxectivos e indicadores de realización da actividade.**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Asesorar ás entidades interesadas en participar na de Programas de Formación de Ocupados, convocatoria 2024-2025	Volume de consultas atendidas.	Cumprimento do 100% de consultas recibidas e nos prazos asignados pola subdirección.
Analizar as solicitudes presentadas para os Programas de Formación da convocatoria 2024/2025	Volume de solicitudes revisadas dos Programas de Formación da convocatoria 2024/2025	Xestión do 0% por non ser publicada a Orde
Facilitar o seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas dos Programas de Formación de Ocupados, convocatoria 2024-2025	Número de informes solicitados, por convocatoria.	Elaboración e presentación do 100% dos informes solicitados.
Tramitar as solicitudes de anticipos dos Programas de Formación concedidos ao abeiro da convocatoria 2024/2025	Volume de solicitudes de anticipos das Accións Formativas	Xestión do 100% as solicitudes de anticipos.
	Entrega dos informes solicitados pola DX.	Elaboración do 100% dos informes solicitados.
Facer apoio técnico na xestión da fase de xustificación de custos e liquidación, das Accións Formativas relativas ao procedemento TR302A	Volume de xestión das Accións Formativas dos PF con solicitude de liquidación presentada.	Apoio técnico na xestión do 100% das solicitudes de liquidación
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades beneficiarias.	Atención do 100% das dúbidas recibidas.
	Entrega dos informes solicitados pola DX.	Elaboración do 100% dos informes solicitados.



ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade	Asesoramento e difusión do Sistema de Formación para o Emprego
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Dirixido dende as oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FUNGATRA), Santiago de Compostela. Sendo desenvolvido o servizo técnico nas instalacións da entidade externa.

Respecto das actuacións de asesoramento directo, centráronse nas destinadas ás entidades solicitantes e/ ou beneficiarias e usuarios e usuarias en xeral, todos eles participantes das diferentes convocatorias.

A temática principalmente pódese agrupar en 3 grandes apartados específicos que sumaron o 100% das consultas atendidas entre chamadas telefónicas e/ou correos electrónicos (faise unha estimación de aproximadamente 3.000 consultas atendidas, número similar ao do exercicio anterior):

1. **Resolución de dúbidas e ou información sobre a nova convocatoria TR302A-2023/24 en fase de execución, alcanzaron o 95% do total no ano 2024.**
2. **Resolución de dúbidas sobre liquidación dos PF pendentes da convocatoria TR302A-2021/22, alcanzaron o 4% do total no ano 2024.**
3. **Resolución de dúbidas e ou información sobre outros temas (iniciativa privada, formación de demanda, cualificacións profesionais, entre outras), 1% do total no ano 2024.**

Grupos de Traballo

Neste pasado exercicio 2024 tiveron lugar diferente tipo de reunións ou grupos de traballo, nos que participou a Directora Xerente e o equipo técnico da Fundación sempre que foron convocados, o que significou a preparación dos asuntos a tratar, tales como elaboración de informes ou propostas previas solicitadas e a posterior realización dos encargos solicitados no seu transcurso para dar cumprimentos aos acordos adoptados.

A responsable da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego e/ou os xefes de Servizo (Servizo de Planificación da Formación para o Emprego e Servizo de Xestión Administrativa da Formación para o Emprego) convocaron ao persoal técnico de FUNGATRA a diferentes reunións de traballo para tratar diferentes temas.

Ditas reunións requiriron tanto dun traballo previo de preparación (tales como a revisión e elaboración de resumo de normativa referida aos contidos da reunión e recompilación da documentación sobre casuística a tratar) como posterior (elaboración de informes, indicacións, etc.).

Por outro lado, a páxina web da Fundación é un medio de difusión das actividades da Fundación aos usuarios potenciais, e de información e sensibilización para achegar aos usuarios e usuarias información de interese para estes, facendo fincapé na difusión do Sistema da Formación para o Emprego e nos temas relacionados co mundo laboral, informando especialmente sobre as novas de formación para os traballadores (ocupados e ou en situación de desemprego) e das cualificacións profesionais.



Ao longo de 2024 tamén precisou dun crecemento continuado para dar cabida a todos os servizos e prestacións que dende a FUNGATRA ofrecéronse ao público. Foi preciso unha ampliación permanente da capacidade da páxina web, sendo necesario que os servizos ofertados da páxina web medren ao mesmo tempo que crecen os servizos e prestacións que dende a FUNGATRA se ofrecen ao público obxectivo.

Ademais desta ampliación, redes como LinkedIn, Instagram ou Facebook, fixeron que o alcance de cada intervención, acción ou proxecto, crecera da mesma maneira que o fai o público ou audiencia das devanditas redes nas que se de cabida a toda a actividade da FUNGATRA.

Participación da Directora Xerente da Fundación como relatores ou participantes en grupos ou mesas de traballo:

En 2024 tiveron lugar diversas actividades de difusión do Sistema de Formación para o Emprego en Galicia, estas accións desenvolvéronse a iniciativa propia da Fundación ou previa solicitude de organismos públicos e privados, empresas, entidades, asociacións e organizacións, en todas participou a Directora Xerente da Fundación como relatora ou participante nas mesas de traballo ás que foi convocada.

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2024:

Polo exposto pódese concluír que se cumpriu tamén nesta actividade o 15% da actividade desenvolvida na Fundación neste exercicio 2024, por riba do 10% indicado no Plan de Actuación.

Recursos económicos empregados:

- o Os propios das oficinas da FUNGATRA e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade
- o Os propios das empresas externas contratadas, para a realización da actividade referida a proxectos da Fundación.

Recursos Humanos:

- Persoal asalariado:
 - A totalidade do traballo referido a participación nos grupos de traballo 2024 foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación, contando coa Directora Xerente para as tarefas de coordinación.
 - As tarefas propias do asesoramento foron desenvolvidas polo persoal técnico da Fundación.
 - As tarefas de difusión referidas á páxina web foron desenvolvidas pola Directora/Xerente da Fundación e o administrativo, contando coa colaboración do persoal técnico en momentos puntuais a petición da Directora Xerente.
 - A Directora Xerente da Fundación foi a responsable da supervisión, control e dirección do traballo externo, contando coa colaboración do administrativo.
 - O persoal das empresas contratadas foi o responsable de materializar as especificacións que figuraban no seu contrato, baixo a supervisión directa da xerencia asistida polo persoal técnico e administrativo cando así o requiriu.

- Persoal voluntario: ningún.

Número previsto de beneficiarios/as ou usuarios e usuarias da actividade:

- Persoas ou entidades Beneficiarias Directas:
 - o Usuarios e usuarias do sistema de formación e emprego (organizacións empresariais e



sindicais, consultoras, empresas en xeral, traballadores en situación de desemprego ou empregados).

- o A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
- o Os membros do Padroado da Fundación.
- o As entidades colaboradoras da D.X.
- o As entidades solicitantes.
- o As empresas que colaboran na xestión da formación.
- o Usuarios e usuarias da FUNGATRA

- Persoas ou entidades Beneficiarias Indirectas:

- o As entidades solicitantes.
- o As persoas traballadoras (empregadas ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.



ACTIVIDADE 3

A) Identificación.

Denominación da actividade	Xestión da Fundación, Sistema de Calidade, Protocolos de Actuación e Plan de Igualdade e Plan de Medidas Antifraude
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FUNGATRA). Santiago de Compostela

A Fundación ao pertencer ao sector público autonómico está obrigada a cumprir unha normativa que a regula e que é tanto de carácter civil como administrativo, actividade que precisa do emprego dunha significativa porcentaxe tanto de recursos humanos como económicos asignados, que deben ser cuantificados dentro do plan de actuación, a súa relevancia basease no feito de que sen eles non poderían cumprirse as actuacións desenvolvidas pola Fundación e descritas nos apartados anteriores.

Por outro lado, a xerencia da FUNGATRA propuxo no seu día, ao Padroado levar a cabo a implantación dun Sistema de Xestión da Calidade para garantir unha xestión da calidade dos servizos ofertados.

Dita implantación do Sistema de Xestión da Calidade Norma UNE-EN-ISO 9001: 2008 iniciouse no exercicio 2010, levándose a cabo no exercicio 2011. Con data 6 de xuño de 2011 emítese o certificado de AENOR do “Sistema de Xestión da Calidade” con validez ata o ano 2014, renovado en 2014, en 2017 e novamente renovado en 2020. Esta actividade precisa do emprego dunha significativa porcentaxe tanto de recursos humanos como económicos asignados, que deben ser cuantificados dentro do plan de actuación, a súa relevancia basease na concienciación dun desempeño das tarefas desenvolvidas pola Fundación seguindo uns procedementos de calidade recoñecidos.

Ademais a Fundación está concienciada, desde o seu inicio, tanto da relevancia da igualdade entre homes e mulleres como un principio xurídico de carácter universal, como da relevancia dentro das relacións laborais, polo que desde xullo de 2010 conta co seu plan de igualdade no que figuran tanto o diagnóstico de situación, feito no seu día, como as medidas adoptadas para a eliminación dunha posible discriminación por razón de sexo. Tras máis de 8 anos de implantación, dende a Fundación, detectouse a necesidade de renovar o seu plan de igualdade, para axustalo ao momento actual da nosa Fundación producida e seguir avanzando cara ao obxectivo fundamental que se resume na superación dos obstáculos que impiden a igualdade real entre os sexos nas distintas facetas da vida das persoas tendo sempre como obxectivo favorecer tanto a conciliación da vida persoal, laboral e familiar como a mellora na xestión da calidade, xa que a aplicación das medidas de igualdade supoñen unha mellora na calidade dos servizos ofertados.

Memoria referida á xestión xeral da Fundación:

Respecto á documentación que se elabora na Fundación cabe destacar a seguinte, agrupada polo exercicio do que se trate:

Documentación do exercicio 2023

A Fundación elaborou as [Contas Anuais 2023](#) da Fundación, que inclúen:

- Balance de situación.



- Conta de resultados.
- Memoria de Actividades.

As Contas Anuais foron aprobadas polo Padroado dentro dos seis meses seguintes á data de pechamento do exercicio e posteriormente presentáronse no Protectorado no prazo indicado para o mesmo e segundo á normativa vixente tras iso , o protectorado as deposita as mesmas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

No referente a documentación do exercicio 2024

- Contabilidade 2024.
Envorcado de datos da contabilidade (mensual, trimestral e anual) no soporte informático XUMCO para pór a disposición da Consellería de Facenda.
- Nóminas 2024.
Envorcado de datos das nóminas das persoas traballadoras no soporte informático BREIXO.

Documentación do exercicio 2025

- Elaborase o Plan de Actuación 2025 da Fundación, que inclúe os seguintes apartados:
 - § Obxectivos.
 - § Actividades previstas.
 - § Previsión das partidas de ingresos e gastos.
 - § Memoria explicativa.

O Plan de Actuación foi presentado o padroado, aprobado e posteriormente o Protectorado o depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Ademais:

- Elabóranse os Orzamentos 2025 que se integran nos presupostos xerais 2025 de Galicia.

Para a correcta elaboración da antedita documentación foi preciso o desempeño de numerosas tarefas, sendo as máis relevantes as seguintes:

- **Estudio de lexislación e documentación oficial relativa as instrucións para a elaboración dos distintos documentos.**
- **Busca e análise da información (datos históricos descritivos, cualitativos e cuantitativos).**
- **Elaborar táboas e gráficos.**
- **Redactar todos os apartados da documentación.**
- **Dar formato a toda a documentación.**
- **Incluír a información (estados contables e memoria) na aplicación informática da Xunta.**
- **Presentar os borradores á Dirección Xeral para revisión.**
- **De ser o caso, modificar e rectificar.**
- **Presentar toda a documentación en prazo.**
- **Elaborar as respostas aos posibles requirimentos ou solicitudes de aclaración efectuadas á Fundación.**

Respecto ás actuacións de xestión da licitación a actividade centrouse na xestión de contratación a través de diferentes plataformas da Xunta de Galicia que garanten tanto a integridade e a autenticidade, como o secreto da oferta. A tramitación dos diferentes tipos de contratación (tipos de procedementos: abertos, negociados, restrinxidos, contratos menores) terá lugar a través de diferentes plataformas:



- A) PLATAFORMA SILEX (ferramenta de licitación electrónica da Xunta de Galicia).
B) PLATAFORMA DE CONTRATOS DE GALICIA .

As tarefas desenvolvidas polo equipo administrativo da Fundación nas anteditas plataformas foron as seguintes:

- o Dar de alta as correspondentes ofertas.
- o Xestionar cada un dos correspondentes contratos na plataforma.
- o Comunicar o resultado da licitación dos respectivos contratos.

Referidas ao sistema de xestión de calidade, é de destacar que a actividade tivo como obxectivo principal obter os seguintes fins:

- **Satisfacer aos nosos usuarios: proporcionar servizos acordes aos requisitos, necesidades, expectativas e especificacións establecidas, incluíndo as normas ou lexislación vixente.**
- **Actualizar a normalización para asegurar a calidade dos servizos.**
- **Manter a mellora continua como norma de conduta.**

Unha vez adaptado o sistema de xestión da calidade da Norma UNE-EN-ISO 9001: 2008 á nova versión 2015 “Norma UNE-EN-ISO 9001: 2015” a previsión para 2024 renovase o certificado.

As tarefas a desenvolver baseáronse no cumprimento de todos os requisitos da certificación que afectan ás actividades que figuran no “Sistema de Xestión da Calidade, có obxectivo cumprido de superar a auditoría interna e a auditoría externa, no primeiro semestre de 2024.

Referidas ao plan de igualdade,

No 2024 ademais de continuarse coa implementación das medidas contidas no III Plan de Igualdade, iniciase un novo período de renovación para axustalo á evolución da normativa que dá resposta ás necesidades e características do persoal da nosa Fundación para incrementar a nosa eficacia, preténdese incluír os asuntos referidos á corresponsabilidade familiar, tanto para o coidado dos fillos e fillas como doutras persoas dependentes, facilitando a harmonización dos espazos de familia e traballo dunha forma máis equitativa, como un elemento cruce para o desenvolvemento social .

Referidas aos Protocolos, Plan de Medidas Antifraude e Contrato Programa,

- **Protocolos de “Prevención do Acoso Sexual e por Razón de Xénero”** e o de Dereito á desconexión Dixital”, implementáronse para dar cumprimento ao noso sistema de Calidade.
- **Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da FUNGATRA**, para dar cumprimento a o disposto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do 19 de maio de 2023; e definir os mecanismos que a Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo ten previsto implantar como o seu Plan específico de prevención riscos de xestión e medidas antifraude cara ao exercicio de referencia e sucesivos.
- **Contrato Programa**, elaborase neste ano un borrador de contrato programa para seren executado e dar cumprimento ao disposto no Plan Xeral de Xestión e Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público 2023-2024.



ACTUACIÓN DE CONTROL E INSPECCIÓN : XESTION INTERNA



En 2024, a persoa responsable de calidade desenvolveu as súas tarefas seguindo os criterios marcados pola empresa externa para a revisión da norma **UNE-EN-ISO 9001: 2015**, facendo o control e seguimento para que os procesos establecidos no sistema de calidade se cumpriran por parte de todo o persoal da Fundación. Neste exercicio celebrouse a auditoría interna e a auditoría externa, que foron superadas con éxito .

Ademais no ano 2024 asináronse como mais arriba se indica, **dous protocolos** para o mellor desenvolvemento da calidade laboral do persoal traballador da FUNGATRA .

- **Protocolo** de “Prevención do Acoso Sexual e por Razón de Xénero”
- **Protocolo** de Dereito á desconexión Dixital”

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2024 na actividade 3:

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Elaborar toda a documentación precisa como Fundación para cumprir a normativa reguladora que afecta á FUNGATRA	Documentación requirida pola normativa	Redactase e presentar o 100% da documentación
	Prazos asignados para a elaboración de toda a documentación	Cumprimento de prazos ao 100%
	Idoneidade da documentación presentada	Considerarase idóneo unha porcentaxe de -≥98% na idoneidade dos documentos
